

# PLAN DIXITAL

[C.E.I.P EDUARDO CELA  
VILA]

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1 Datos básicos do centro

Atopámonos no CEIP Eduardo Cela Vila, situado no concello de Triacastela, máis concretamente na Rúa do Castro s/n desta mesma localidade. O noso correo electrónico é [ceip.eduardo.cela@edu.xunta.gal](mailto:ceip.eduardo.cela@edu.xunta.gal) e pódese acceder á nosa páxina web no enlace <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipeduardocela/>.

Este curso contamos con 18 alumnos e alumnas, 9 de Educación Infantil e 9 de Educación Primaria, distribuídos en dúas unidades mixtas. Máis concretamente, a aula de Educación Infantil está composta por:

- 2 alumnos/as de 4ºEI.
- 4 alumnos/as de 5ºEI.
- 3 alumnos/as de 6ºEI.

No tocante á aula de primaria está integrada por:

- 3 alumnos/as de 1ºEP.
- 2 alumnos/as de 3ºEP.
- 1 alumno de 4ºEP.
- 3 alumnos/as de 6ºEP.

Respecto ao profesorado, este curso e de maneira excepcional, contamos con 3 docentes, a titora de Educación Infantil, a titora de Educación Primaria (sendo tamén a responsable de centro) e a especialista en lingua estranxeira inglés.

A previsión de alumnado para o próximo curso é que se incorporen dous alumnos en 4º de Educación Infantil e dous alumnos/as procedentes do estranxeiro en 4º de Educación Primaria, polo que o centro contará con 19 nenos e nenas.

### 1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Atopámonos nun Concello rural do interior da Provincia de Lugo. A meirande parte da poboación adícase ao sector primario, contando con abundantes explotacións gandeiras que constitúen o principal sustento dunha gran parte das familias do noso centro.

O noso concello atópase no corazón do Camiño Francés, polo que as ocupacións vinculadas ao mesmo constitúen outro importante motor económico da nosa contorna, incidindo directamente na vida diaria dos nos veciños/as.

O nivel socioeconómico e cultural das nosas familias é medio. No tocante á súa implicación na vida do centro existen diferencias significativas, contando con pais/nais que mostran unha alta participación e implicación nas actividades realizadas e no proceso educativo dos

seus fillos e fillas, mentres que outras familias manteñen unha actitude máis distante e pouco colaborativa coas accións levadas a cabo dende o centro

O presente Plan Dixital supón unha nova visión e un cambio de paradigma no contexto educativo do noso centro, incidindo de forma directa nos principais documento organizativos e curriculares como son o Proxecto Educativo, a Concreción Curricular, o Plan Xeral de Atención á Diversidade, as Normas de Organización e Funcionamento, o Plan de Acción Titorial, ou a Programación Xeral Anual. Máis concretamente, dentro do PE, este Plan supoñerá reformular os fins e as intencións educativas do centro xa que buscamos unha ensinanza apoiada e integrada nas TIC, a través da cal melloraremos as competencias dixitais de todo o alumnado dende idades temperás, e en consecuencia da nosa contorna, favorecendo o pensamento crítico e creativo, algo de vital importancia para o desenvolvemento persoal e profesional, así como para a consecución dos obxectivos da Axenda 2030, cuxa importancia se ve reflectida na LOMLOE.

No que respecta ao PXAD, a consecución dos obxectivos propostos neste Plan, brindaranos a posibilidade de descubrir e abordar novas formas de dar resposta a diversidade do alumnado presente no noso centro. Ante novas casuísticas que se poidan presentar nos vindeiros cursos, o emprego de ferramentas TIC, será un importante recurso que nos axude a romper barreiras comunicativas e a introducir o DUA dentro da nosa metodoloxía, construíndo desta forma aprendizaxes significativos e funcionais en todo o alumnado.

No referido ás Normas de Organización e Funcionamento, desenvolver unha ensinanza apoiada nas TIC, supón unha nova forma de organizar a funcionamento do centro e o establecemento de novas normas que atinxan ao mantemento e coidado, por parte de toda a comunidade educativa, das novas ferramentas de aprendizaxe que empregaremos como vehículo de aprendizaxe.

Por outra banda, cabe facer mención ao PAT, considerando que un dos principais obxectivos que pretendemos acadar no presente Plan é establecer unha comunicación fluída e continúa coas familias a través da Aplicación Abalar. Isto permitiranos levar a cabo un intercambio de información máis continuo e efectivo, algo fundamental para establecer a mesma liña educativa e contribuír deste modo ao correcto desenvolvemento integral de todo o alumnado.

Outro documento de vital importancia no centro e a PXA, dentro da cal este Plan presenta unha clara incidencia. Pretendemos levar a cabo unha ensinanza apoiada nas TIC, desenvolvendo esta competencia nos nenos e nenas dende idades temperás polo que é preciso reformular as prácticas educativas de cara ao novo curso. Será preciso desenvolver accións que permitan o seu desenvolvemento, tales como a realización de proxectos de investigación a nivel de centro e de aula, creación de grupos de traballo, debates, contrastar fontes de información, comprobar a veracidade de datos recadados... Con todas estas accións fomentaremos o pensamento crítico, diverxente, así como as Intelixencias Múltiples de Howard Gardner, algo fundamental para o desenvolvemento persoal, social e académico.

Esta incidencia do Plan Dixital tamén se manifesta sobre programas de innovación educativa como pode ser o Plan Proxecta, sinalando que durante o presente curso estamos a participar no programa “Vexo vexo Xacobeo”, tendo as TIC no transcurso do mesmo un importante papel na busca de información e na elaboración de recursos, papel que se verá reforzado e sistematizado en cursos futuros e para plans semellantes coa posta en práctica deste plan.

### 1.3 Breve xustificación do mesmo

A importancia que teñen as TIC no sistema educativo actual, e en consecuencia o presente Plan Dixital, reflíctese no marco legislativo no cal nos orientamos.

Deste modo cabe sinalar a *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación LOE*, na cal se establece que todos os centros contarán cunha estratexia dixital, a cal se verá reflectida no Proxecto Educativo, tendo o director/a unha importante función no fomento das TICS e na consecución dos diferentes plans. Partindo desta consideración e en vista da importancia que presentan as TIC no noso paradigma educativo na *Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*, así como na *Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*, recóllese que, no presente curso, todos os centros educativos deberán elaborar o seu Plan Dixital, establecéndose as directrices para a súa elaboración na *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*, sentando as bases do presente Plan.

### 1.4 Proceso de elaboración

A elaboración deste Plan Dixital parte dunha reflexión e análise por parte do Claustro arredor do papel das novas tecnoloxías na nosa contorna educativa, as competencias do alumnado e do equipo docente, así coma da restante comunidade educativa. O claustro desenvolveu un PFPP, acorde á liña do noso Plan Dixital, denominado “*Plan Dixital no eido rural*” que permitiu mellorar os nosos coñecementos e competencias, algo fundamental para a nosa práctica educativa e para o desenvolvemento e posta en práctica deste Plan.

A través da plataforma Selfie e do Test CDD, recadamos a información precisa para establecer o noso punto de partida. Nas reunións mensuais levadas a cabo polo claustro, dentro das horas non lectivas de obrigada permanencia no centro, debatemos as repercusións no proceso de ensinanza de aprendizaxe que ten toda a información recadada, establecendo a pertinencia de introducir cambios significativos neste eido que contribúan á mellor formación e desenvolvemento do noso alumnado. Neste proceso tamén foi

fundamental o establecemento e a toma de conciencia dos nosos puntos máis fortes e débiles, os cales definirán as liñas de actuación do noso Plan.

## 2. Situación de partida

### 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **INFRAESTRUTURA DIXITAL DO CENTRO**: contamos con conectividade a través de cable e de rede WIFI. A inicio de curso, a proposta da Administración Educativa, levouse a cabo un cambio de compañía. Cabe sinalar que a situación xeográfica na cal nos atopamos condiciona o acceso á rede, así como as condicións climatolóxicas adversas frecuentes nos meses de inverno, sendo frecuente que se produzan cortes na conectividade ou dificultades para acceder á rede. Deste modo contamos cos seguintes datos da nosa rede:

- **Conexión principal**: 4G\_150M\_50M (150 M de descarga e 50 de subida)

- **Conexión de respaldo**: ADSL-NEBA\_20M\_0.7M- (20 M de baixada y 0.7 de subida). Esta liña unicamente se activa se falla a principal.

- **EQUIPAMENTO**: dispoñemos de catro aulas dixitalizadas, a aula de Educación Infantil equipada con un ordenador portátil, de orixe descoñecida, e un encerado dixital interactivo, do ano 2015 aportado pola Consellería; a aula de Educación Primaria, a cal conta con un ordenador portátil para uso do docente, de orixe descoñecida, e tres para uso do alumnado, dous deles proporcionados pola Consellería no ano 2010 e outro no ano 2020, así como con encerado dixital interactivo aportado pola, aportado pola Consellería no ano 2015; por último cabe sinalar as aulas de música e inglés, equipadas con un ordenador portátil e un encerado dixital interactivo, respectivamente, proporcionados pola Consellería no ano 2011.

Actualmente non formamos parte do proxecto E-dixgal pero o noso obxectivo é implantalo nos vindeiros cursos, sendo este un dos obxectivos do noso Plan Dixital.

No que respecta aos equipamentos de xestión e administración, contamos con un ordenador de mesa no despacho de orientación, equipado con impresora e escáner.

A biblioteca está equipada con un ordenador portátil de uso do profesorado para a organización e xestión da mesma, de orixe descoñecida, unha táblet adquirida polo centro no presente curso académico para uso do alumnado, así como dez ordenadores de mesa do ano 2005 aproximadamente, proporcionados pola Consellería, os cales se atopan desactualizados e avariados. A inicio de curso tentouse actualizalos pero non foi posible debido a súa avanzada idade e malas condicións nas que se atopan.

Na sala de mestres dispoñemos dun ordenador de mesa para uso do profesorado.

No que respecta á aula de informática, non contamos no centro con esta dependencia como tal, debido a inexistencia de equipamentos para creala e poñela en funcionamento. A través do presente Plan, pretendemos que se cree nos vindeiros cursos para deste modo erradicar a ameaza que supón esta situación para a nosa contorna educativa, tal e como se recolle no noso DAFO.

- **SERVICIOS DIXITAIS EDUCATIVOS**: dispoñemos de páxina web, a cal está en proceso de actualización así como Aula Virtual. Respecto a esta última, no PFPP que levamos a cabo no presente curso académico realizamos unha formación sobre o seu funcionamento, e o noso obxectivo é que de cara o curso que ven constitúa unha ferramenta e recurso de aprendizaxe básico dentro da aula tal e como se recolle unhas liñas máis adiante no noso Plan de Acción. Non empregamos a rede Ageiro, pero pretendemos coñecer o seu funcionamento para integrala na nosa metodoloxía. No que respecta a E-dixgal, como xa ben se dixo, o noso obxectivo é implantalo nos vindeiros cursos. Empregamos o espazo Abalar como medio de comunicación coas familias, pero sen ser a canle principal, polo que a través do presente Plan, de cara o curso que ven, pretendemos que sexa o principal medio de intercambio de información. As familias teñen descargada a aplicación Abalarmóbil.

- **XESTIÓN E MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO DO CENTRO**: estamos en proceso de acordar como se desenvolverá o mantemento anual dado que o persoal do centro se renova cada curso.

## 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,7				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado	2,3				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	4,1				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2,3				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,3				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	3				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,3				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,7				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	2,9				

### Test CDD

#### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	0	0	
PROVISIONAL	0	0	
INTERINO	3	3	100%
SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO	0	0	

#### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
54,5	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

#### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	46,5	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI.	46,3	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)



### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	<u>3</u>	<u>75%</u>
B1	<u>1</u>	<u>25%</u>
B2		
C1		
C2		
TOTAL	<u>4</u>	<u>100,00%</u>

### 2.3 Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	- (Área C) Contamos con espazos físicos suficientes que facilitan a ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.	- (Área C) Equipamento desactualizado. - (Área C) Equipamento avariado. - (Área C) Equipamento insuficiente.
	PERSOAL DOCENTE	- (Área E) Creación de recursos dixitais para reforzar a labor de ensinanza. - (Área E) Empregamos recursos educativos abertos. - (Área G) Empregamos tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.	- (Área G) O profesorado di que non emprega as tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre o seu aprendizaxe. aínda que si o fai.
	PERSOAL NON DOCENTE	- A boa predisposición do persoal non docente posibilita que o profesorado conte con máis disposición para a coordinación e o intercambio de experiencias dixitais.	- Non consideramos que o centro presente ningunha debilidade por esta causa.
	ALUMNADO	- (Área H) O alumado aprende a crear contidos dixitais e a comunicarse a través das TIC, a pesar que no Selfie se recolle o contrario xa que a situación do centro mudou.	- (Área H) Insuficiente experiencia no emprego de plataformas educativas e /ou outros recursos dixitais por parte do

			alumnado e profesorado de xeito colaborativo.
	<b>FAMILIAS</b>	<p>- As familias mostran unha boa predisposición para a aprendizaxe, formación e educación dixital nos seus fillos, considerándoo como unha gran oportunidade e elemento fundamental para o seu futuro.</p> <p>- As familias empregan as TIC para manter unha comunicación fluída co centro a través de aplicación como Abalar e o correo electrónico do centro.</p>	- Falta de formación e actualización en materia dixital por parte das familias.
	<b>OFERTA</b>	- A dotación económica aportada polos distintos proxectos nos que o centro participa posibilitou mercar unha tablet de uso común para todo o centro	- (Área H) Non hai nas aulas equipamento suficiente para atender ás necesidades de todo o alumnado, mercado polo propio centro.
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	- (Área D) A evolución experimentada polo Claustro en materia de coordinación e intercambio de experiencias dixitais.	<p>- (Área A) Non existe unha estratexia dixital.</p> <p>- (Área A) Non se contempla dentro do horario tempo adicado a comunicación, debido ao baixo número de profesorado.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	- A administración ofrécenos a oportunidade de formarnos en material dixital.	- Situación laboral da plantilla docente, debido a interinidade de todo o claustro o cal muda anualmente.
	<b>LEXISLACIÓN</b>	<p>- Na lexislación reflíctese a importancia que teñen as TIC dende idades temperás, fomentando o desenvolvemento desta competencia dende a Educación Infantil.</p> <p>- A implantación do Plan Dixital como unha estratexia para afrontar os novos retos educativos.</p>	<p>- (Area A) Insuficiente tempo para formación, elaboración e desenvolvemento de recursos dixitais, debido a escasa liberación horaria e ao catálogo de profesorado establecido na lexislación educativa actual.</p> <p>- A implantación de programas dixitais como Edixgal nos cursos de 5º e 6º de EP na nosa contorna, con escasos</p>

		alumando, dificulta a súa implantación de maneira continua, real e efectiva.
CONTORNA	- Na nosa contorna non existen familias en situación de vulnerabilidade socioeducativa que puidera ser a causa da brecha dixital.	- O acceso ás novas redes dixitais ( como pode ser a fibra óptica) vese condicionado polas características da situación xeográfica na que nos atopamos así como polo fenómenos meteorolóxicos adversos frecuentes na zona.
ANPA	- A ANPA oferta o alumnado a oportunidade de formarse en materia dixital a través de actividades extraescolares.	- A escaseza de dispositivos dixitais no centro obriga á organización das actividades extraescolares a traer os seus propios equipos o que pode supoñer un perigo para a continuidade destas actividades.
OUTRAS ENTIDADES	- O Concello da nosa vila mostra unha gran implicación co centro, participando na medida das súas posibilidades en todas as incitivas dixitais propostas así como ofertando diferentes actividades.	- Insuficiente asistencia técnica.

### 3. Plan de Acción

#### 3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Ver táboas do Plan de Acción.

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: LIDERADO (A)							
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Acadar unha dispoñibilidade horaria maior para a formación en materia dixital e elaboración de materiais. (Item A4*)					Acadado	
<b>Responsable:</b>	RESPONSABLE DE CENTRO					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Tempo dispoñible do profesorado para a formación e exploración de recursos dixitais.						
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 h						
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	2h mensuais				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1:Recoller na planificación horaria tempo específico para a exploración conxunta de recursos dixitais.	Responsable de centro (o noso centro non dispón de Xefe de Estudos)	30/09/2022	NON SE PRECISAN RECURSOS ESPECÍFICOS.		Realizada	X	
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2:Crear un grupo nunha plataforma dixital no cal compartir diferentes recursos educativos dixitais.	Responsable de centro	30/10/2022	TABLET, SMARTPHONE OU ORDENADOR.	Pendente de formación	Realizada		
						Aprazada	X
						Pendente	
AO1.3: Realizar dúas reunións grupais ao longo de cada trimestre para levar a cabo actividades formativas en conxunto, compartir recursos e trazar pautas de actuación comúns. (Serán independentes das actividades formativas individuais que realice cada docente).	O claustro	30/06/2023	TABLET, ORDENADOR, CONEXIÓN Á REDE.		Realizada		
						Aprazada	
						Pendente	

[A4: tempo para explorar o ensino dixital](#)

<b>Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS (E)</b>							
<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	Promover o uso da Aula Virtual por parte do alumnado e o profesorado. (Item E-3)					<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	RESPONSABLE DE CENTRO.					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Alumnado e profesorado que empregan a Aula Virtual como recurso de apoio á aprendizaxe.						
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 actividades realizadas co alumnado na Aula Virtual por cada docente						
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	6 actividades realizadas co alumnado na Aula Virtual por docente				30/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>							
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>			
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>		
<b>AO2.1: Crear os cursos e matricular ao alumnado e profesorado na AV do centro.</b>	Responsable de centro	30/09/2022	- Aula Virtual do centro. - Listaxe de alumnado e profesorado do centro. - Listaxe das materias de cada curso e do profesorado encargado de impartilas.	PENDENTE DE FORMACIÓN	<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>	X	
					<b>Pendente</b>		
<b>AO2.2: Publicar en cada curso as actividades, materiais e recursos educativos.</b>	Mestre de cada área e materia	30/06/2022	- Aula Virtual. - Actividades e materiais para incluír na AV.		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
<b>AO2.3: Traballar os diferentes materiais co alumnado e potenciar a súa autonomía á hora de empregar a AV.</b>	Mestre de cada área e materia	30/06/2022	- Aula Virtual - Actividades, materiais e recursos incluídos na AV.		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		

[E3: Emprego de contornas virtuais de aprendizaxe.](#)

<b>Área/s de mellora: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO (H)</b>							
<b>OBXECTIVO 3: (1)</b>	Dotar ao alumnado de EP das estratexias e recursos necesarios para recoller e contrastar a información recadada a través da rede e verificala, co fin de elaborar un produto final. (Item H5*)					<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	MESTRE TITOR DA AULA DE EP.					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Sesiões dedicadas ao traballo con diferentes fontes de información para acadar o obxectivo citado.						
<b>Valor de partida: (3)</b>	1 sesión dedicada a este fin.						
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	6 sesións destinadas á consecución do obxectivo.				30/06/2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>							
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>			
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>		
<b>AO3.1: Decidir unha temática de investigación e crear grupos de traballo na aula para levala a cabo.</b>	Mestre titor ou de materia	30/10/2022	- Rexistro da temática da investigación. - Rexistro dos grupos de traballo creados.	Plan Proxecta. Proxecto Ríos: "Navegando polo Río Oribio".	<b>Realizada</b>	<b>X</b>	
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
<b>AO3.2: Orientar ao alumnado na busca da información e elaborar rúbricas para contrastala e analizala</b>	Mestre titor ou de materia	30/12/2022	- Software para a creación da rúbrica. - Conexión á rede e dispositivos para buscar a información.		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
<b>AO3.3: Elaborar un produto final coa información recollida, contrastada e interiorizada botando man para elo de diferentes ferramentas TIC.</b>	Mestre titor ou de materia	30/06/2022	- Rúbricas creadas. - Conexión á rede e dispositivos para acceder á información. - Manexo de ferramentas TIC para elaborar os produtos finais.		<b>Realizada</b>		

**\*H5: Verificar a calidade da información.**

## Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS (E)

<b>OBXECTIVO 4: (1)</b>	Manter unha comunicación fluída coas familias a través da Plataforma Abalar. (Item E4*)			<b>Acadado</b>		
<b>Responsable:</b>	RESPONSABLE DE CENTRO.			<b>Non acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Porcentaxe de comunicacións que se fan chegar ás familias a través de Abalar.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	30% das comunicacións por esta canle.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	100% das comunicacións por esta canle.			30/06/2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO4.1: Convocar a unha reunión informativa ás familias na cal se informará sobre o seu funcionamento e as vantaxes e funcións que oferta.</b>	Mestres/as titores/as.	30/09/2022	- Documento informativo sobre o funcionamento da Aplicación Abalar. - Aplicación Abalar.		<b>Realizada</b>	<b>X</b>
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO4.2: Manter unha comunicación fluída e periódica a través desta canle e empregala como único medio para transmitir informacións.</b>	Mestres/as titores/as.	30/06/2023	- Aplicación Abalar.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO4.3: Realizar un seguimento diario sobre a efectividade do seu uso, atender as posibles dificultades e ofrecer os apoios e as axudas precisas.</b>	Mestres/as titores/as.	30/06/2023	- Aplicación Abalar. - Informes de necesidades e dificultades que se vaian creando, de ser o caso.		<b>Realizada</b>	

**E4: Comunicación coa comunidade educativa**

## Área/s de mellora: LIDERADO (A)

<b>OBXECTIVO 5: (1)</b>	Informarse sobre a implantación do programa Edixgal, en 5º e 6º de EP de maneira continua e efectiva. (Item A1*)			<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	RESPONSABLE DE CENTRO.			<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Materias impartidas a través de Edixgal e cursos e anos académicos nos que se leva a cabo.				
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 cursos empregan Edixgal.				
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	100% dos cursos empregan o programa (únicamente 5º e 6º de EP).		30/06/2025		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>					
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>	
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>
<b>AO5.1: Asesorar ó profesorado do centro sobre os pros e contras á hora de implantar o Edixgal nun colexio rural.</b>	Mestre responsable	31/01/2023	- Profesorado de centros similares con experiencia en Edixgal. - Posibilidades e desvantaxes do Edixgal.		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO5.2: Convocar ao claustro a unha reunión informativa sobre as vantaxes que oferta Edixgal e someter a votación a implantación do mesmo.</b>	Mestre responsable e profesorado de 5º e 6º EP.	31/03/2023	- Documento informativo sobre o programa Edixgal. - App para levar a cabo a votación.		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO5.3: Realizar formacións sobre Edixgal para, de ser a votación a favor, implantar na aula o programa de forma efectiva</b>	Mestre responsable e profesorado de 5º e 6º EP.	30/06/2025	- PFPP. - Recursos dixitais: tablets, ordenadores, conexión á rede, etc. - Programa Edixgal.		<b>Realizada</b>

[A1: Estratexia dixital](#)



### Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
  - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

### **ACCÍONS A DESENVOLVER:**

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

## 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnológicas

Para acadar os obxectivos do Plan Dixital é preciso levar a cabo unha renovación total do equipamento do centro, dado que a maioría dos dispositivos superan os 10 anos. Na aula de Infantil contamos con un EDI e un portátil do ano 2015, igual que na aula de primaria. Nesta última, contamos ademais, con dous ordenadores de uso do alumnado do ano 2010.

No que respecta á biblioteca, está equipada con 10 ordenadores do ano 2005, e un portátil de orixe descoñecida.

Na aula de inglés e de música, contamos con un EDI e un portátil, respectivamente, do ano 2011.

A aula de informática non ten ningún dispositivo.

Deste modo, e tendo en conta todo o mencionado, para levar a cabo unha ensinanza integrada nas Tic, tal e como pretendemos, é preciso renovar a totalidade de equipos do centro.

Respecto á parte administrativa os servizos están cubertos, non precisando novos equipos, xa que contamos con dous dispositivos do ano 2016. Aínda así, non están equipados para levar a cabo reunións ou formacións online que estableza a Consellería por carecer de cámara e micrófono.

#### 4. Avaliación do plan

Co fin de garantir o correcto desenvolvemento deste Plan e acadar os obxectivos marcados, será preciso, ademais da implicación de toda a comunidade educativa, levar a cabo unha avaliación e seguimento do mesmo. En consecuencia, levarase a cabo unha avaliación procesual por trimestre, a través da cal se valorará o nivel de desenvolvemento das accións, os resultados acadados ata o momento e, de estimarse oportuno para a mellor consecución dos obxectivos, o establecemento das modificacións oportunas así como as consecuentes propostas de mellora.

Do mesmo modo, a final de cada ano levarase a cabo unha avaliación final do mesmo, na cal se reflexionará e se establecerá o grado de consecución dos obxectivos propostos e, de estimarse oportuno, as respectivas propostas de mellora.

#### 5. Difusión do plan

Para a eficacia de todo o proposto ao longo destas liñas será preciso dalo a coñecer a comunidade educativa. Unha vez aprobado polo Consello Escolar, será incluído na web do centro, co fin de promover a súa difusión e coñecemento.